



Fichas divulgativas pagamentos directos

FICHA 1e.iii / PD

Vacún de ceba

NORMATIVA

- **Regulamento (CE) 1307/2013** polo que se establecen normas aplicables aos **pagamentos directos** aos agricultores en virtude dos réximes de axuda incluídos no marco da política agrícola común.
- **Real decreto 1075/2014** sobre a aplicación a partir de 2015 dos **pagamentos directos** á agricultura e á gandaría e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e o control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural (art. 63 ao 65).

DEFINICIÓNS

Explotación: todas as unidades utilizadas para actividades agrícolas e administradas por un/unha agricultor/a e situadas no territorio dun mesmo Estado membro.

Animal potencialmente admisible: un animal que, *a priori*, podería potencialmente cumprir os criterios de admisibilidade para recibir a axuda en virtude do réxime de axuda por animais ou dunha medida de axuda relacionada cos animais na campaña de solicitude en cuestión.

Animal determinado: nun réxime de axuda por animais, un animal que cumpre todas as condicións establecidas nas normas para a concesión da axuda, ou nunha medida de axuda relacionada cos animais, un animal identificado mediante controis administrativos ou sobre o terreo.

Regulamento (CE) 1307/2013 de pagamentos directos (art. 4.1 e art. 2 Regto. delegado (UE) 640/2014)

NORMAS XERAIS

- Concederáse unha axuda asociada ás explotacións de vacún de ceba co obxectivo de garantir a súa viabilidade económica.
- As axudas concederáse por animal elixible e ano.
- Condicións:
 - ♣ Agricultor activo.
 - ♣ Inscritas no Rega como explotacións de bovinos cunha clasificación zotécnica de reprodución para a produción de carne, reprodución para a produción de leite, reprodución para a produción mixta ou ceba/cebadeiro.
 - ♣ Animais elixibles:
 - Bovinos entre 6 e 24 meses de idade.
 - Cebados entre o 1 de outubro de 2014 e o 30 de setembro de 2015.
 - Con destino ao sacrificio ou á exportación.
 - Entre a data de entrada na explotación e a saída ao sacrificio: mínimo 3 meses.
 - Mínimo 3 animais elixibles por ano.

Real decreto 1075/2014 de pagamentos directos (art. 63 ao 65)

REQUISITOS XERAIS PARA PODER ACCEDER AO PAGAMENTO

Establécense dúas liñas de axuda:

- a) Tenreiros cebados na mesma explotación de nacemento ou en cebadeiros comunitarios xestionados por produtores de vaca nutriz.



b) Tenreiros cebados procedentes doutra explotación.

- ◆ Terá dereito á axuda a última explotación onde se localicen os animais polo menos tres meses antes da súa saída con destino ao matadoiro ou á exportación.
- ◆ Se os animais abandonaron a última explotación con destino a unha explotación intermedia (tratante ou centro de concentración rexistrado) antes do sacrificio ou da exportación, deberán permanecer nela como máximo 15 días.
- ◆ O importe por cabeza determinarase anualmente a partir do número de animais elixibles no ámbito do Estado e do orzamento dispoñible.

Obrigatorio	Si	X Non	Obs.:
Agricultor activo	X Si	Non	Obs.:
Actividade agraria	X Si	Non	Obs.:
Ter solicitude única en 2013	Si	X Non	Obs.:
Ter pagamento base	Si	X Non	Obs.:

Observacións: